

O LEOPARDO DAS NEVES

953

Marie Amiguet, Vincent Munier, 2021

ESTREA EN NUMAX: 24.06.2022 | V.O.S.E. | TP | 92 min.

As altas mesetas do Tíbet. No corazón dos vales virxes e inaccesibles atópase un dos derradeiros santuarios da vida salvaxe, habitada por unha fauna descoñecida e pouco común. Vincent Munier, un dos fotógrafos de natureza máis famosos do mundo, viaxa xunto ao aventureiro escritor Sylvain Tesson, por quen sente unha gran admiración. Durante varias semanas, percorreren estes vales na procura de animais singulares e tratarán de avistar o leopardo das neves, un dos felinos máis raros e máis difíciles de abordar.

«a idea de que debemos saír dos nosos mundos tecnolóxicos para recordar a existencia de criaturas tan fermosas, maxestosas e intelixentes resulta valiosa»

Jessica Kiang, VARIETY



Entrevista con Vincent Munier: «Quería crear un filme poético, contemplativo pero tamén militante»

Por David G. Maciejewski

Que o levou a crear unha obra de arte cinematográfica desta envergadura? Cal era a súa ambición persoal con este documental? A miña ambición era dar certa altura a algo que eu fago desde hai moito tempo. Quería amosar en primeiro plano a beleza do mundo salvaxe, pero ao mesmo tempo buscaba engadir o complemento da palabra. Sylvain é un home preciso nese sentido; Marie achegou o son e a imaxe. A idea, daquela, era asinar un filme poético, contemplativo, pero ao mesmo tempo militante. Que achegase algo a través da poesía e a imaxe. Cunha mensaxe forte que é o que di ao final ese tema de Nick Cave.

Como resumiría esa mensaxe? Que até o de agora o home avanzou pensando no home, pero non chegamos a vivir realmente co resto dos seres vivos. Se cadra xa é hora de que vivamos no mundo doutro xeito, con máis respecto e harmonía. Todos somos interdependentes e estamos ligados os uns aos outros. Trátase dunha condición indispensable para podermos seguir existindo neste planeta. Vímolo coa COVID, se seguimos a devastar a biodiversidade cada vez imos ser máis vulnerables a este tipo de ataques.

Cre que perdemos a capacidade para contemplar? Absolutamente. Perdémola. É un dos grandes dramas da nosa era. Xa case non nos resta capacidade para nos marabillar como cando eramos nenos. Ao empezo atraíanos todo, pero logo o sistema, a educación, o ter un traballo para gañar diñeiro e consumir despois súmennos nunha caste de funil desde o cal non somos quen de contemplar cousas que son sinxelas e extraordinarias. É unha mágoa non termos capacidade de marabillarnos porque se trata dun alimento indispensable para o noso espírito.

Como chega o irbis á súa vida? Trátase dunha especie ameazada. Como tantos outros grandes depredadores. Quizais algo menos que as demais, porque os chineses, aínda que tamén están a destruír a natureza, cando menos tentan conservar o leopardo. Porén, noutros países sofren moito máis debido á caza furtiva. Unha das súas grandes ameazas é o quentamento global. Non esquezamos que o leopardo das neves segue na listaxe vermella de especies en perigo.

Por que elixiches o cinema como método de expresión desa realidade? Empecei facendo fotografía e despois metinme na televisión. Hai un vínculo moi forte entre todas estas disciplinas. O cinema é estupendo porque presenta unha conxunción de diferentes competencias, como a imaxe en movemento, o son ou os textos. Hai moitas emocións cruzadas no cinema e ademais permíteche crear, non te encasilla, outórgache liberdade, algo que é moito máis difícil de acadar na televisión.

Para min isto era algo persoal, quería compartir o que sentía no lugar no que me encontraba. E hai unha estética. O cinema permite facer ese camiño. No caso d'*O leopardo das neves* apostei por un ritmo lento, algo que me pareceu necesario porque hai que levar a xente con paciencia á natureza. Así pódese aprender que nada é automático nin funciona de súpeto ou de xeito brusco. Debemos quitar as orelleiras, observar e ver máis aló.